



Amiudal (Avión, Ourense) foi o berce do sacerdote e guerrilleiro Domingo Antonio Garrido.

seu irmán ocupaba o lugar de Leborín. Ó ser collidos os franceses entre dous fogos, emprenderon precipitamente a fuga, chegando á ponte de San Bertomeo, sobre o Viñao, onde lles saíron ó paso os milicianos de Feás, Moreiras, Brués, Cameixa e Sobredo; os que non puideron escapar entregáronse a discreción. *O valente Garrido encheuse de gloria neste día memorable* [2 de xuño de 1809], *sen que poidan imputárselle os asasinatos cometidos na ponte de San Bertomeo nin as represalias que os de Pazos tomaron cos feridos franceses* [...]. *Pola contra, hai fama no país de que o heroico presbítero, tan patriota nas horas de pelexa, foi cos feridos e moribundos o sacerdote exemplar e cristián, atendendo na mellor forma que lle foi posible a curación duns e a salvación das almas doutros. Durante moito tempo, os ríos Avia e os seus afluentes o Viñao e o Arenteiro arrastraron cadáveres de franceses, pregoando a gloria de Garrido e o seu irmán, alma e vida daquela memorable xornada que colocou o nome deste abade ó lado dos de Couto, Cela, Valadares e tantos heroes galegos daqueles tempos.* Garrido faleceu na súa casa reitoral de Laxas o 11 de decembro de 1814. (Alberto Vilanova Rodríguez)

**GARRIDO, Fanny.** En realidade trátase de Francisca González Garrido, escritora nacida na Coruña. Usou o pseudónimo de *Eulalia de Liáns*, que tomou dunha parroquia de Oleiros, na que estaba situado o pazo de Lóngora. Aquí viviu algúns anos co seu marido, o compositor Marcial del Adalid. Ó enviivar contraeu segundas nupcias co eminente científico galego José Rodríguez Mourelo.

Colaborou en *El Correo*, de Madrid, na revista *Galicia*, dirixida por Martínez Salazar, e noutros periódicos. Publicou as novelas *Escaramuzas* (1885) e *La madre de Paco Pardo* (Madrid, 1899), a primeira delas de carácter autobiográfico e a segunda, máis lograda, é un estudo dun temperamento feminino. É autora tamén de *Batallas*, novela que desenvolve a súa acción en París e que non chegou a editarse. En 1887, na revista *Galicia*, saíu un capítulo doutra novela súa de costumes locais que non logrou terminar. Débenselle, ademais, magníficas traducións do alemán, como *Cuadernos de viaje*, de Heine, así como da poesía e de *Viaje a Italia*, de Goethe, a quen —en palabras do seu mellor biógrafo, Isabel Martínez Barbeito— xulga no seu prólogo, dando mostras de agudeza crítica e coñecemento profundo da súa obra. Era correspondente da Real Academia Galega e faleceu no seu pazo de Lóngora en novembro de 1917.

Muller de extraordinaria beleza, crese que en París, cando acompañou o seu esposo Del Adalid á estrea da ópera *Inese e Bianca*, chamou poderosamente a atención de todos cantos a viron. Ademais cóntase que, con ocasión da súa chegada á Coruña, a raíña Isabel II fixo dete-la súa carruaxe para preguntar quen era aquela moza da que a súa fermosura a impresionara enormemente; detívose a falar con ela e prometeulle se la madriña o día da súa voda. A punto de chegarlo momento, *Fanny* escribiulle á raíña *Castiza* recordándollo e esta cumpriu a súa palabra. (Alberto Vilanova Rodríguez)

A escritora Fanny Garrido. ▶

